



Concello do Grove

BASES DA XXV CARREIRA POPULAR FESTA DO MARISCO 2026

O Concello do Grove convoca os premios da XXV Carreira Popular Festa do Marisco 2026 conforme ás seguintes bases:

1.- Data de celebración: A carreira celebrarase o domingo 27 de setembro de 2026. A proba absoluta de 10.000 metros comezará ás 10.00 horas.

2.- Inscripción: Para optar aos premios será obrigatorio formalizar validamente a inscrición na proba a través da páxina www.carreirasgalegas.com.

O prazo límite de inscrición rematará o día 23 de setembro de 2026 ás 23.59 horas.

A inscrición e participación na proba implican a aceptación destas bases.

3.- Clasificacións e premios: Establécense os seguintes premios en metálico para a clasificación xeral absoluta feminina e masculina:

<i>Clasificación</i>	<i>Feminina</i>	<i>Masculina</i>
<i>1.º posto absoluto</i>	<i>350 €</i>	<i>350 €</i>
<i>2.º posto absoluto</i>	<i>250 €</i>	<i>250 €</i>
<i>3.º posto absoluto</i>	<i>150 €</i>	<i>150 €</i>

A contía máxima total destinada aos premios é de 1.500 euros.

A clasificación oficial definitiva da carreira determinará as persoas premiadas. A perda do dereito ao cobro dun premio non modificará a clasificación deportiva nin suporá automaticamente a súa atribución á seguinte persoa clasificada.

A concesión dos premios efectuarase en réxime de concorrencia competitiva. O criterio para determinar as persoas beneficiarias será exclusivamente a orde da clasificación oficial definitiva da carreira absoluta, nas modalidades feminina e masculina.

4.- Financiamento e réxime fiscal: O importe dos premios, por unha contía máxima total de 1.500 euros, será sufragado con cargo á aplicación orzamentaria 341-48101 do orzamento de gastos do exercicio 2026, segundo o documento de retención de crédito RC núm. 6986/2026, e financiado pola Liña 2 do Plan +Provincia 2026 da Deputación Provincial de Pontevedra.

Os premios estarán suxeitos ás retencións e obrigas tributarias que resulten aplicables segundo a normativa vixente e a residencia fiscal da persoa premiada.

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Concello do Grove

5.- Documentación e pagamento dos premios: As persoas premiadas daranse a coñecer unha vez aprobada a clasificación oficial. O pagamento efectuarase mediante transferencia bancaria á persoa que figure na resolución de concesión.

Para tramitar o pagamento deberán presentar o documento oficial de identidade, o documento de alta de terceiros ou equivalente, o certificado de titularidade da conta bancaria e a documentación fiscal que resulte necesaria.

As persoas estranxeiras poderán identificarse mediante pasaporte ou documento oficial equivalente. Cando non dispoñan de NIE, deberán achegar para o pagamento o número de identificación fiscal que lles sexa asignado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, así como o resto da documentación fiscal e bancaria esixible.

As persoas premiadas deberán presentar unha declaración responsable de non estaren incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiarias, de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non seren debedoras por resolución de procedencia de reintegro.

Se a documentación estivese incompleta, concederase un prazo de dez días hábiles para a súa emenda. A falta de presentación da documentación necesaria poderá dar lugar á perda do dereito ao cobro, logo da correspondente resolución.

6.- Imaxes: Durante a proba poderá haber fotografías ou realizarse gravacións por parte da organización e do público. As imaxes poderán ser utilizadas en redes sociais, soportes publicitarios, medios de comunicación e canles institucionais relacionadas coa actividade, de conformidade coa normativa aplicable.

7.- Modificación, suspensión ou cancelación: A organización resérvase o dereito a realizar as modificacións que considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a suspender ou cancelar a proba por razóns de seguridade, condicións meteorolóxicas, forza maior ou outras causas debidamente xustificadas.

Se a proba non se celebra ou non existe unha clasificación oficial válida, non se xerará dereito aos premios.

8.- Publicidade da convocatoria: O anuncio da convocatoria publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e un extracto da mesma no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

No extracto faranse constar expresamente o prazo límite de inscrición, a contía máxima da convocatoria e a aplicación orzamentaria á que se imputa o gasto.

Así mesmo, publicarase o texto completo das bases no taboleiro de anuncios, na sede electrónica do Concello e polos medios habituais.



Concello do Grove

9.- Protección de datos: Os datos persoais facilitados serán tratados polo Concello do Grove coa finalidade de xestionar a participación, a concesión e o pagamento dos premios, así como o cumprimento das obrigas de publicidade, control e información tributaria.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos recoñecidos pola normativa de protección de datos a través da sede electrónica municipal.